

PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PLAN ESPECÍFICO DE PREVENCIÓN DE RISCOS DE XESTIÓN E MEDIDAS ANTIFRAUDE DA DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

O 19 de maio de 2023, o Consello do Goberno de Galicia aprobou o Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia (PXMA), que substitúe ao anterior plan xeral do 10 de decembro de 2021 e que se enmarca dentro da infraestrutura ética configurada no Programa Marco de Integridade Institucional e prevención de riscos de xestión 2021-2024 e nos principios xerais de funcionamento establecidos na normativa autonómica.

A implantación do PXMA implica que as persoas que ocupan os altos cargos da administración autonómica asuman como guía da súa conduta o compromiso principal distintivo de que a súa actuación non só require o cumprimento estrito da legalidade, senón que precisa, ademais, dunha demostración diaria de ética, exemplaridade e honorabilidade no desempeño da responsabilidade que supón xestionar os recursos que son patrimonio de todos as galegas e os galegos e o deber de salvagardar a imaxe e reputación das institucións autonómicas.

En base a isto, a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, adscrita á Consellería do Mar, asume e comparte o compromiso institucional coa integridade institucional, no entendemento de que se trata dun compromiso que vai máis alá do simple cumprimento da normas xurídicas ao referirse ás normas, aos principios éticos e morais e aos valores de integridade, honestidade e obxectividade que deben presidir a súa actuación.

Así, no marco deste compromiso coa integridade institucional, este centro directivo adhírese ás medidas postas en marcha na Xunta de Galicia consistentes nun completo programa de medidas de reforzo do marco da integridade institucional que implica tamén a implantación na organización dunha cultura de prevención fronte aos posibles incumprimentos, o impulso dos mecanismos que a fagan efectiva, con especial atención a aqueles feitos que poidan supoñer actos contrarios á integridade, e que se concretan



na elaboración do seu plan específico de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude.

Deste xeito, promóvese a asunción e a consolidación dunha cultura de integridade e valores éticos de todo o persoal da súa organización, en todos os niveis, mediante a formación específica, configurada como unha ferramenta clave para a sensibilización en integridade e comportamento ético na organización, pero tamén mediante a difusión e o fomento desta cultura cara a cidadanía, abordando así este compromiso desde unha perspectiva global e íntegra.

Sobre a base das anteriores manifestacións, este centro directivo asume unha política de tolerancia cero fronte a fraude, co conseguente compromiso de asumir os estándares máis altos no cumprimento dos principios éticos e morais e os valores de integridade, honestidade e obxectividade, así como de establecer os mecanismos preventivos que consoliden esta cultura de integridade en toda a súa actuación.

En particular, na miña condición de persoa que ocupa un alto cargo na organización manifesto tamén o meu compromiso cos principios recollidos no Código Ético Institucional de respectar a Constitución, o Estatuto de Autonomía e o resto das normas que integran o ordenamento xurídico, así como de que prevaleza a satisfacción do interese xeral como obxectivo da miña actuación; respectar os dereitos fundamentais e as liberdades públicas; defender a dignidade, a imaxe e o prestixio da Administración autonómica; realizar con lealdade, integridade e imparcialidade, obxectividade e coa dilixencia debida as misións e obrigas que teño encomendadas; suxeitarme aos principios de eficacia, economía, eficiencia, optimización e control do gasto no uso e manexo dos recursos públicos; observar a transparencia na xestión dos asuntos públicos e respectar o resto das pautas básicas de actuación desenvolvidas no devandito código.

Por outra banda, segundo prevé o PXMA, os plans das vicepresidencias e consellerías estarán integrados polos plans específicos dos centros directivos e entidades adscritas a elas.



Ademais, o compromiso dos centro directivos e das entidades coa política de integridade e prevención de riscos establecida no PXMA ha de formalizarse mediante unha proposta de plan específico formulada polo seu órgano de dirección.

Así, de acordo con todo o anterior,

PROPOÑO:

Que se aprobe o plan específico deste centro directivo para que se integre no plan de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da súa consellería de adscrición.

Marta Villaverde Acuña

Directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

(asinado dixitalmente á marxe do documento)



PLAN DE PREVENCIÓN DE RISCOS DE XESTIÓN E MEDIDAS ANTIFRAUDE DA DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO



ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN	4
2	CARACTERIZACIÓN E DIAGNOSE DE SITUACIÓN	4
2.1	Misión, visión e valores.....	4
2.2	Organización e funcionamento.....	5
2.2.1	Organización.....	5
2.2.2	Recursos humanos.....	6
2.2.3	Recursos económicos.....	6
2.2.4	Marco normativo.....	6
2.3	As medidas do “ciclo da fraude”.....	7
2.3.1	Medidas de prevención	7
2.3.2	Medidas de detección.....	7
2.3.3	Medidas de corrección.....	8
2.3.4	Medidas de persecución	8
2.4	Funcións e responsabilidades na xestión dos riscos.....	8
2.4.1	O centro directivo	8
2.4.2	A responsabilidade en materia de integridade e prevención de riscos.....	9
3	COMPROMISO DE INTEGRIDADE E MARCO ÉTICO DA INTEGRIDADE INSTITUCIONAL.....	9
3.1	Medidas relativas ao compromiso institucional coa integridade, coa ética pública e coas medidas antifraude	9
3.1.1	A manifestación expresa das persoas responsables públicas	9
3.1.2	As referencias á integridade na planificación estratéxica	9
3.1.3	A difusión e a formación en materia de integridade institucional	10
3.2	Medidas relativas ao sistema de prevención dos conflitos de intereses.....	10
3.3	Medidas referidas ao sistema interno de información e á <i>canle de denuncias</i>	10
3.4	Formación e compromiso coa competencia profesional das persoas empregadas públicos.....	11
4	IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DOS RISCOS DE XESTIÓN E MEDIDAS ANTIFRAUDE.....	12
4.1	Análise de riscos e medidas antifraude.....	12
4.1.1	Identificación, análise e avaliación de riscos	12
4.1.2	Mecanismos de detección a través de “bandeiras vermellas”	16
5	SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN.....	16
5.1	Seguimento, supervisión e avaliación.....	16
5.2	Actualización e revisión.....	16



5.3	Comunicación e difusión.....	17
6	RESULTADO DA IDENTIFICACIÓN E DA AVALIACIÓN DOS RISCOS.....	17
6.1	Anexo A.....	17



1 INTRODUCCIÓN

O presente documento define os mecanismos que a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro (en diante, o centro directivo) ten previsto implantar como o seu Plan específico de prevención riscos de xestión e medidas antifraude.

Este centro directivo asume como propias as directrices e manifestacións realizadas no Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude do 19 de maio de 2023 (en diante, PXMA ou plan xeral).

Ámbito de aplicación

Os mecanismos e as medidas que se detallan neste plan son de aplicación á totalidade da actividade realizada por este centro directivo, calquera que sexa a súa forma de financiamento, incluídos os proxectos financiados con recursos do FEMPA.

En particular, neste plan específico faise unha análise polo miúdo dos riscos do plan xeral de prevención que poden afectar a este centro directivo en materia de contratación e subvencións e identificar, se é o caso, novos riscos non previstos no PXMA.

Adicionalmente, analízase se concorren outros posibles riscos de xestión correspondentes a outras materias non detalladas no PXMA asociadas ás actividades principais deste centro directivo.

En calquera caso, incorpórase como anexo a este plan a avaliación individualizada dos riscos asumidos.

Definicións

Resultan de aplicación as definicións incluídas na introdución do PMXA do 19 de maio de 2023.

2 CARACTERIZACIÓN E DIAGNOSE DE SITUACIÓN

2.1 Misión, visión e valores

A mellora continua na calidade dos servizos prestados, a atención ás necesidades da cidadanía, e a transparencia e a integridade da actividade pública actúan como principios vertebradores que presiden a actividade deste centro directivo, e como tales son asumidos como compromiso de actuación dos seus órganos de dirección e das persoas empregadas públicas que traballan nel.

A Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro ten como misión a xestión da pesca e o marisqueo en Galicia, conservando e protexendo os nosos recursos mariños, e potenciar e apoiar o ensino en materia náutico-pesqueira e a investigación mariña correspondente a comunidade autónoma galega.

A dirección do centro directivo asume o compromiso de actuar de conformidade cos principios de integridade, honestidade, imparcialidade, obxectividade e respecto ao



marco xurídico e á cidadanía establecidos na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e cos principios de integridade e ética pública no desempeño das actividades e no desenvolvemento da acción pública consagrados no Programa marco de Integridade Institucional e prevención de riscos de xestión do 26 de maio de 2021.

A Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro ten como competencias e funcións principais as seguintes:

- A ordenación do marisqueo, o establecemento das condicións para o exercicio da actividade marisqueira e a conservación, protección e xestión sustentable dos recursos marisqueiros.
- O fomento da organización sectorial.
- A ordenación, dirección e coordinación das atribucións que ten asumidas a consellería en materia de extensión pesqueira, ensino e titulacións náutico-pesqueiras e de lecer.
- A investigación mariña, que se desenvolverá en coordinación coa consellería competente en materia de investigación e desenvolvemento tecnolóxico.
- A programación e coordinación das infraestruturas e equipamentos portuarios pesqueiros.

2.2 Organización e funcionamento

2.2.1 Organización

A Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro contará, para o exercicio das súas funcións, coas seguintes unidades:

- Servizo de Desenvolvemento Pesqueiro baixo a dependencia xerárquica da persoa titular da dirección xeral
- Subdirección Xeral de Xestión, Ensino e Relacións Sectoriais que para o desenvolvemento das súas funcións, contará coas seguintes unidades administrativas:
 - Servizo de Coordinación e Apoio á Xestión.
 - Servizo de Ensino e Titulacións Náutico-Pesqueiras.
 - Servizo de Apoio e Relación coas Organizacións Sectoriais.
- Subdirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro que para o desenvolvemento das súas funcións, contará coas seguintes unidades administrativas:
 - Servizo de Xestión dos Recursos Marisqueiros
 - Servizo de Desenvolvemento das Zonas de Pesca.
- Subdirección Xeral de Investigación e Apoio Científico-Técnico que para o desenvolvemento das súas funcións, contará coas seguintes unidades administrativas:
 - Servizo de Xestión de Proxectos.



- Servizo de Planificación
- Centro de Investigacións Mariñas (CIMA) que depende funcionalmente da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro e ten nivel orgánico de servizo
- Os centros públicos de ensinanzas náuticas e marítimo-pesqueiras que depende funcionalmente da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro:
 - Instituto Galego de Formación en Acuicultura (Igafa).
 - Instituto Politécnico Marítimo-Pesqueiro do Atlántico de Vigo.
 - Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ribeira.
 - Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ferrol.
- Os servizos territoriais de desenvolvemento (A Coruña, Celeiro e Vigo)

2.2.2 Recursos humanos

Segundo consta na relación de postos vixente, este centro directivo conta coa dotación de 319 postos de traballo.

2.2.3 Recursos económicos

Segundo consta na Lei 9/2023, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, este centro directivo conta coa dotación orzamentaria para a execución de gastos que se detalla a continuación:

CAPÍTULO	ORZAMENTO (euros)
II	1.731.500
IV	544.300
VI	8.237.168
VII	39.637.238
TOTAL	50.150.206

2.2.4 Marco normativo

O centro directivo asume como obriga o cumprimento das normas e das pautas de conduta e actuación en materia de integridade que figuran no plan xeral.

Adicionalmente, son aplicables a este centro directivo as seguintes normas:

- Regulamento (UE) 2021/1060, do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021 polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para os devanditos Fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento de Apoio Financeiro á Xestión de Fronteiras e a Política de Visados.



b) Avaliación expresa dos riscos de xestión que lle son de aplicación, atendendo ás circunstancias e a actividade concreta que se realiza, que se incorpora como anexo/s a este plan.

c) Promoverase a inclusión nas bases de subvencións e nos pregos de cláusulas administrativas de contratación de medidas antifraude que permitan previr ou detectar situacións de risco.

2.3.3 Medidas de corrección

a) Realizarase a modificación deste plan específico de prevención e medidas antifraude en función dos feitos ou dos incidentes detectados polas auditorías.

b) No suposto de verse afectado/a por un eventual incidente de fraude avaliarase a incidencia e a cualificación da fraude como sistémico ou puntual.

c) Comunicaranse as irregularidades detectadas aos órganos competentes.

d) Suspenderase a tramitación de proxectos nos que se teñan detectados supostos de fraude que non consistan en simples irregularidades administrativas.

e) Facilitaranse entre o persoal os modelos para a comunicación aos superiores da existencia dun conflito de intereses previstos no plan xeral.

2.3.4 Medidas de persecución

a) Designar unha unidade ou unha persoa de apoio ao órgano ou unidade responsable de integridade e prevención de riscos da consellería ou para que se integre no seu comité de integridade, segundo corresponda.

b) Remitir a investigación e eventual sanción á Comisión Galega da Competencia cando as actuacións detectadas constitúan prácticas colusorias contrarias á competencia.

c) Iniciar os procedementos de reintegro cando as actuacións produzan menoscabo nos recursos públicos ou fosen declaradas irregulares as actuacións.

2.4 Funcións e responsabilidades na xestión dos riscos

Sen prexuízo das funcións e responsabilidades previstas no plan xeral, concrétnanse a continuación as previsións relativas a este centro directivo.

2.4.1 O centro directivo

Este centro directivo asume o compromiso de aplicar as medidas do plan xeral e deste plan específico coa máxima dilixencia e implantar, nos seus procesos propios as medidas e os niveis de control que permitan unha eficaz execución dos fondos dos que é responsable nun contexto de integridade e prevención da loita contra a fraude nos termos establecidos na normativa vixente.



Con ocasión do seguimento deste plan, procederase a valorar a necesidade de realizar unha actualización de procedementos, de avaliación de riscos ou de implantación de medidas.

5.3 Comunicación e difusión

Este plan específico de prevención difundirase entre todo o persoal, especialmente entre o que integre as unidades que tramiten os expedientes de subvencións e contratación.

Tamén será obxecto de comunicación cando se produzan novas incorporacións de persoal nas unidades.

6 RESULTADO DA IDENTIFICACIÓN E DA AVALIACIÓN DOS RISCOS

O resultado do proceso de identificación e de avaliación de riscos segundo a metodoloxía recollida no apartado 4.1.1 deste plan recóllese no anexo A .

6.1 Anexo A



PLAN DE PREVENCIÓN DE RISCOS DE XESTIÓN E MEDIDAS ANTIFRAUDE DA DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

ANEXO A

- Matriz de avaliación de riscos na **contratación**
- Matriz de avaliación de riscos nas **subvencións**
- Matriz de avaliación de riscos nos **encargos a medios propios**
- Matriz de avaliación de riscos nos **convenios**



RIESGO				
Ref. del riesgo	Denominación del riesgo	Descripción del riesgo	¿A quién afecta este riesgo?	¿Es el riesgo interno, externo o resultado de una colusión?
CT8	Doble financiación	Incumplimiento de la prohibición de doble financiación.	EE	Externo

DESCRIPTORES DE RIESGO		RIESGO BRUTO			CONTROLES EXISTENTES					RIESGO NETO			PLAN DE ACCIÓN					RIESGO OBJETIVO			
Ref. Descriptor Riesgo	Descripción de riesgo	Impacto	Probabi- lidad	Puntuación	Ref. Control	Descripción del control	¿Hay constancia de la implementación del control?	¿Qué grado de confianza merece la eficacia de este control?	Efecto combinado de los controles sobre el IMPACTO del riesgo BRUTO, teniendo en cuenta los niveles de confianza	Efecto combinado de los controles sobre la PROBABILIDAD del riesgo BRUTO, teniendo en cuenta los niveles de confianza	Impacto	Probabi- lidad	Puntuación	Nuevo control previsto	Persona/unidad responsable	Plazo de aplicación	Efecto combinado de los nuevos controles previstos sobre el IMPACTO del riesgo NETO	Efecto combinado de los nuevos controles previstos sobre la PROBABILIDAD del riesgo NETO	Impacto	Probabi- lidad	Puntuación
CT18.1	Se produce doble financiación ● Incumplimiento de la prohibición de doble financiación. La probabilidad de ocurrencia de este riesgo aumenta en el caso de proyectos ejecutados por diferentes contratistas o cuando ha habido una contratación descentralizada, por diferentes órganos de contratación, de tal forma que la supervisión y control de las prestaciones realizadas se realiza por órganos distintos.	4	1	4	CTC 8.1	● Comprobar que los gastos contemplados en cada contrato no están financiados con recursos procedentes de más de un Fondo, dando así cumplimiento a la prohibición de doble financiación establecida en el artículo 191.3 del Reglamento (UE) Euratom 2018/1046 del Parlamento Europeo y del Consejo, de 18 de julio de 2018, sobre normas financieras aplicables al presupuesto general de la Unión (En ningún caso podrán ser financiados dos veces por el presupuesto de la Unión los mismos gastos). ● Comprobar que en el expediente de contratación hay constancia de la verificación que debe realizar el órgano gestor para garantizar la ausencia de doble financiación. ● Comprobaciones cruzadas con bases de datos nacionales y de otros fondos europeos, cuando esto sea posible y cuando este riesgo se evalúe como significativo y probable.	Si	Alto	-3	-3	1	1	1						1	1	1
		COEFICIENTE TOTAL RIESGO BRUTO		4,00						COEFICIENTE TOTAL RIESGO NETO		1,00							COEFICIENTE TOTAL RIESGO OBJETIVO		1,00



RIESGO				
Ref. del riesgo	Denominación del riesgo	Descripción del riesgo	¿A quién afecta este riesgo?	¿Es el riesgo interno, externo o resultado de una colisión?
SR7	Falta de comunicación, o comunicación errónea, de datos electrónicos	La información que se comunica electrónicamente está, intencionadamente o no, falsada	BF	externo

DESCRIPTORES DE RIESGO		RIESGO BRUTO			CONTROLES EXISTENTES						RIESGO NETO			PLAN DE ACCIÓN					RIESGO OBJETIVO		
Ref. Descriptor Riesgo	Descripción del riesgo	Impacto	Probabi- lidad	Puntuación	Ref. Control	Descripción del control	¿Hay constancia de la implementación del control?	¿Qué grado de confianza merece la eficacia de este control?	Efecto combinado de los controles sobre el IMPACTO del riesgo BRUTO, teniendo en cuenta los niveles de confianza	Efecto combinado de los controles sobre la PROBABILIDAD del riesgo BRUTO, teniendo en cuenta los niveles de confianza	Impacto	Probabi- lidad	Puntuación	Nuevo control previsto	Persona/unidad responsable	Plazo de aplicación	Efecto combinado de los nuevos controles previstos sobre el IMPACTO del riesgo NETO	Efecto combinado de los nuevos controles previstos sobre la PROBABILIDAD del riesgo NETO	Impacto	Probabi- lidad	Puntuación
SI 7.1	Los datos comunicados electrónicamente no son correctos, o no se comunican en su totalidad • Intencionadamente o por problemas en las comunicaciones electrónicas, los datos comunicados no se corresponden con los obtenidos.	2	2	4	SC 7.1	• Comprobación de la correcta transmisión electrónica de los datos recopilados, controles realizados y resultados de los análisis. Esta comprobación se puede realizar, por ejemplo, cotejando un determinado porcentaje del total de datos transmitidos que sea una muestra representativa.	Sí	Medio	-2	-2	1	1	1						1	1	1
SI 7.2	Apagado de la Caja Azul (solo buques) • Problemas con la caja azul y/o Acuerdo con el varadero sobre apagado de la misma. El apagado de la caja azul es intencionado, con o sin complicidad del varadero.				SC 7.2	• Solicitar al Centro de Seguimiento Pesquero informe sobre posibles incidencias en la caja azul. • Solicitar documentos adicionales de la inactividad del buque durante las paradas temporales. • Verificación sobre el terreno.							#VALOR!								#VALOR!
		COEFICIENTE TOTAL RIESGO BRUTO									COEFICIENTE TOTAL RIESGO NETO								COEFICIENTE TOTAL RIESGO OBJETIVO		
		4,00									1,00								1,00		



RIESGO				
Ref. del riesgo	Denominación del riesgo	Descripción del riesgo	¿A quién afecta este riesgo?	¿Es el riesgo interno, externo o resultado de una colusión?
MPR8	Pérdida de pista de auditoría	No existe una pista de auditoría adecuada que permita hacer un seguimiento completo de los encargos	ED/EE	Interno

DESCRIPTORES DE RIESGO		RIESGO BRUTO			CONTROLES EXISTENTES				RIESGO NETO			PLAN DE ACCIÓN					RIESGO OBJETIVO				
Ref. Descriptor Riesgo	Descripción del riesgo	Impacto	Probabi- lidad	Puntuación	Ref. Control	Descripción del control	¿Hay constancia de la implementación del control?	¿Qué grado de confianza merece la eficacia de este control?	Efecto combinado de los controles sobre el IMPACTO del riesgo BRUTO, teniendo en cuenta los niveles de confianza	Efecto combinado de los controles sobre la PROBABILIDAD del riesgo BRUTO, teniendo en cuenta los niveles de confianza	Impacto	Probabi- lidad	Puntuación	Nuevo control previsto	Persona/unidad responsable	Plazo de aplicación	Efecto combinado de los nuevos controles previstos sobre el IMPACTO del riesgo NETO	Efecto combinado de los nuevos controles previstos sobre la PROBABILIDAD del riesgo NETO	Impacto	Probabi- lidad	Puntuación
MPI 8.1	Falta de pista de auditoría. ● En el expediente del encargo al medio propio no consta la documentación que permite garantizar la pista de auditoría en todas las fases del encargo, desde la planificación hasta la liquidación y pago, así como la contabilización y la publicidad.	3	2	6	MPC 8.1	● Disponer de instrucciones internas que establezcan los requisitos para para acudir a encargos a medios propios personificados y las actuaciones a desarrollar en su tramitación, gestión y liquidación que permitan garantizar la pista de auditoría en todas las etapas del encargo. ● Lista de comprobación de la documentación requerida para garantizar la pista de auditoría, con especial atención a la formalización documental del encargo con inclusión de las prestaciones, duración y compensación económica.	Sí	Alto	-3	-3	1	1	1						1	1	1
MPI 8.2	Incumplimiento de la obligación de conservación de documentos. ● No se cumple la obligación de conservación de documentos por el preceptor final prevista en el artículo en el artículo 82 del Reglamento UE nº 2021/1060	3	2	6	MPC 8.2	● Establecer mecanismos que permitan comprobar que el ente que realiza el encargo, cumple con la obligación de conservar los documentos en los plazos y formatos señalados en el artículo 82 del Reglamento UE nº 2021/1060	Sí	Alto	-3	-3	1	1	1						1	1	1
		COEFICIENTE TOTAL RIESGO BRUTO									COEFICIENTE TOTAL RIESGO NETO								COEFICIENTE TOTAL RIESGO OBJETIVO		
		6,00									1,00								1,00		



RIESGO				
Ref. del riesgo	Denominación del riesgo	Descripción del riesgo	¿A quién afecta este riesgo?	¿Es el riesgo interno, externo o resultado de una colusión?
CVR1	El objeto del convenio no corresponde a esta figura jurídica	Celebración de convenios para eludir un procedimiento de contratación, o eludiendo los requisitos de validez de este instrumento jurídico.	EE	Interno

DESCRIPTORES DE RIESGO		RIESGO BRUTO			CONTROLES EXISTENTES				RIESGO NETO			PLAN DE ACCIÓN					RIESGO OBJETIVO					
Ref. Descriptor Riesgo	Descripción de riesgo	Impacto	Probabi- lidad	Puntuación	Ref. Control	Descripción del control	¿Hay constancia de la implementación del control?	¿Qué grado de confianza merece la eficacia de este control?	Efecto combinado de los controles sobre el IMPACTO del riesgo BRUTO, teniendo en cuenta los niveles de confianza	Efecto combinado de los controles sobre la PROBABILIDAD del riesgo BRUTO, teniendo en cuenta los niveles de confianza	Impacto	Probabi- lidad	Puntuación	Nuevo control previsto	Persona/unidad responsable	Plazo de aplicación	Efecto combinado de los nuevos controles previstos sobre el IMPACTO del riesgo NETO	Efecto combinado de los nuevos controles previstos sobre la PROBABILIDAD del riesgo NETO	Impacto	Probabi- lidad	Puntuación	
CVI 1.1	El contenido del convenio no se corresponde con este instrumento jurídico • Existencia de convenios cuyo contenido son prestaciones no propias de este instrumento jurídico por su naturaleza, sino de un contrato, debiendo aplicarse la legislación de contratos del sector público.	3	2	6	CVC 1.1	• Revisión de la memoria justificativa del convenio y análisis de su necesidad y oportunidad, su impacto económico, el carácter no contractual de la actividad, así como el cumplimiento de lo previsto en la ley. • Informe del servicio jurídico con análisis del objeto de la actividad a desarrollar y la justificación de acudir a la vía del convenio y no a otras vías.	Si	Alto	-3	-3		1	1	1						1	1	1
CVI 1.2	Cesión de la titularidad de la competencia • La existencia de convenios con otras entidades, tanto públicas como privadas, que suponen cesión de titularidad de competencias, da lugar a un incumplimiento legal.	3	1	3	CVC 1.3	• Revisión de la memoria justificativa del convenio y análisis de su necesidad y oportunidad, su impacto económico y el carácter no contractual de la actividad, así como el cumplimiento de lo previsto en la ley. • Informe del servicio jurídico con análisis del objeto de la actividad a desarrollar y la justificación de la adecuación del contenido del convenio a las actuaciones a realizar.	Si	Alto	-3	-3		1	1	1						1	1	1
		COEFICIENTE TOTAL RIESGO BRUTO									COEFICIENTE TOTAL RIESGO NETO								COEFICIENTE TOTAL RIESGO OBJETIVO			
		4,50									1,00								1,00			



